

INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADEO

O Concello de Ribadeo remite o plan xeral de ordenación municipal solicitando informe previo á aprobación inicial, conforme ó artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

ANTECEDENTES

O Concello de Ribadeo dispón dun Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente o 14 de marzo de 1977 (o cal recuperou a vixencia trala anulación xudicial do Plan Xeral aprobado o 05/11/1993). Encóntrase en vigor unha modificación puntual do mesmo con data de aprobación definitiva do 19 de maio de 1999.

Mediante o Decreto 266/2004 do 11 de novembro se declara ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, a Vila de Ribadeo, disposición que foi publicada no DOGA nº 226 de 19 de novembro de 2004.

INFORME

Logo de analizar a documentación que integra o plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ribadeo, suscrito pola empresa EPTISA, GRUPO EP e identificado con data de decembro de 2005, e á vista do informe técnico elaborado na Subdirección Xeral de Urbanismo, emítese o seguinte informe:

A. Documentación.

1. Todos os documentos integrantes do Plan presentaranse en idioma galego, sen prexuízo da existencia ademais dunha tradución ó castelán, de acordo co disposto no artigo 7 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (o tomo de memoria e parte do tomo 2 de normativa non aparecen en galego).
2. Respecto do documento de memoria:
 - Débense actualizar os datos reflectidos nas páxinas 144 e seguintes da memoria respecto do planeamento urbanístico vixente en Ribadeo xa que non se está a incorporar nin a anulación xudicial do PXOU do 05/11/1993 nin a declaración de conxunto histórico da vila de Ribadeo. Da mesma forma débense actualizar tódalas referencias ó respecto da declaración de BIC como conxunto histórico a vila de Ribadeo que se fan ó longo dos documentos que compoñen o plan xeral.
 - Entre as páxinas 188 e 204 da memoria enumérase o conxunto dos espazos libres e equipamentos existentes e previstos no termo municipal diferenciando os que se sitúan no núcleo de Ribadeo ou nos núcleos rurais. Sen menoscabo da metodoloxía que se queira empregar, cómpre expresar que este sistema pode provocar interpretacións erradas, aparentemente sen que a cambio ofrezca ningún outro vantaxe.

- Non se indican as superficies dos diversos solos urbanizables non delimitados.
3. Respecto do Estudo do medio rural e a Análise do modelo de asentamento poboacional:
- As fichas dos núcleos rurais carecen de referencias e análise sobre aspectos relevantes, como a tipoloxía do núcleo e a súa morfoloxía, o parcelario, a consolidación edificatoria, o número de habitantes, e non se diferencia en planos entre vivendas e outras edificacións. (por exemplo fichas 1, 2, 3, 13, 40, 41, 46, 50, 51, 52, 53, 67, 78, 85, 95, 131, 133, 145, 148, etc.).
 - Detéctanse aparentes erros de contido, como por exemplo na ficha 81, onde se reflicten 40 habitantes nun núcleo de 6 vivendas, na 21 ou na 113.
 - Nunha grande parte dos núcleos non se atopan recollidas todas as vivendas de tipo tradicional que existen no asentamento aparecendo en moitas das fichas designadas de forma incorrecta xa que se consideran como recentes moitas edificacións que son tradicionais e á inversa. Isto acontece en núcleos como A Capela, Marelle, Reme de Arriba, Vilausende, O Xillao, Cei, Cima de Vila e Vilamariz.
 - Diversas fotografías aéreas dos núcleos analizados non representan axeitadamente o seu ámbito e as súas condicións actuais. Este aspecto detectouse en fichas como a nº 45, Celeirós, Esfolado, Batais, Rego de Mel, Pereiriñas, San Vicente, Barreiros, A Igrexa, Santo Antonio, Queixoiro, Piñeiro e Requiande, xa que a foto aérea reflicte unha mínima parte do asentamento.
4. No plano de información sobre rede de gas IV.9 non se reflicte a condución existente do gasoduto ó sur do municipio que si aparece recollida nos planos de ordenación.
5. En canto a planos de ordenación:
- Plano de estrutura xeral e orgánica do territorio: a lenda non permite distinguir entre espazos libres existentes ou previstos, nin discriminar cales deles son sistemas xerais e cales dotacións locais.
 - Planos de ordenación do solo urbano:
 - Nas zonas cualificadas coa ordenanza O-2, confúndese o ámbito cualificado pola ordenanza co ámbito situado entre aliñacións, de xeito que quedan espazos (grafados en branco) sen cualificación.
 - Non se grafa a totalidade do parcelario.
 - A delimitación de Ben de Interese Cultural reflectida nos planos de ordenación do núcleo urbano de Ribadeo non coincide co que se recolle no Decreto 266/2004 de 11 de novembro polo que se declara BIC na categoría de conxunto histórico a vila de Ribadeo, cómpre revisala súa representación.
 - Nos planos de ordenación dos núcleos rurais non se reflicten de forma axeitada as nomenclaturas dos sistemas xerais e dotacións locais, de modo que non se esclarece si se trata dunhas ou doutras, a súa titularidade e o seu estado (existentes ou previstos).
 - Planos do conxunto do termo municipal:
 - Non se incorporan nos planos de ordenación os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal da Actuación Industrial "Ribadeo" aprobado definitivamente o 08/07/2005 e da Planta de Acuicultura Mariña na proximidade de Rinlo (tamén aprobado definitivamente).

- o Non se grafan nestes planos, nin dos de información a totalidade das liñas eléctricas consideradas na lexislación sectorial como de alta tensión.

B. Estrutura xeral e orgánica do territorio e dotacións urbanísticas.

1. Respecto á xustificación do cumprimento das reservas mínimas referidas no artigo 47.1 da Lei 9/2002:

- Nas páxinas do volume 1 da memoria xustificativa onde se recollen os cadros e comparativas sobre a xustificación do cumprimento dos estándares non se enumeran con claridade todos os datos necesarios para verificar o cumprimento do artigo 47 da Lei 9/2002, xa que non se detalla para todas as parroquias se os equipamentos e os espazos libres que se contabilizan son sistemas xerais ou dotacións locais, e se son existentes ou previstos, por tanto non se pode verificar si as previsión de estándares cobren as necesidades de poboación e cumpren os mínimos legais.
- Non poden ser consideradas como sistemas xerais de espazos libres nin son computables a efectos de cumprir as reservas legais mínimas as superficies de espazos libres cuxas reducidas dimensións implican unha funcionalidade diferente (para tal efecto debe considerarse como mínimo ás que o anexo do Regulamento de planeamento -art. 4- admite como xardín público), como por exemplo ocorre coas rotondas e os espazos adxacentes a estas entre os sistemas viarios e as edificacións.
- Non se xustifica a consideración como sistema xeral existente de espazo libre público os denominados SE-P2 e parte do SE-P1, por tratarse de espazos residuais de difícil ou imposible acceso adecuado ó seu uso, e por non posibilitar un uso público dadas as pronunciadas pendentes (artigo 47.3 da Lei 9/2002).
- Non poden ser considerados como sistemas xerais dotacións que pola súa titularidade privada ou pola súa clara condición local non teñen encaixe na definición que establece o artigo 165.2 da Lei 9/2002, tales como parcelas de equipamento deportivo de pequeno tamaño, parcelas para equipamento escolar privado, tanatorio, confraría de pescadores, cemiterios, igrexas e capelas (páxina 64 e seguintes do volume 1 da memoria).

Por todo o anteriormente descrito, cómpre axustar as cuantificacións que se recollen na memoria (páxina 266 do volume 2), debendo en calquera caso quedar acreditado o cumprimento do artigo 47 da Lei 2/2002.

2. Obsérvase que o PXOM non prevé o reforzamento da rede veciñal de abastecemento en Rinlo e unha parte dos núcleos rurais, onde se cualifican solos urbanos non consolidados e áreas de expansión, respectivamente. Da mesma forma tampouco se prevé a mellora da rede de saneamento existente dos núcleos de maior tamaño da franxa sur do termo municipal.
3. Co incremento de solo urbanizable previsto no entorno de solo urbano de Ribadeo debe xustificarse a capacidade e a suficiencia dos depósitos existentes e das estacións de tratamento de auga potable e estacións depuradoras de augas residuais (artigo 57 da Lei 9/2002).

C. Clasificación e determinacións en solo urbano.

1. Non queda acreditado que reúnan as características necesarias para seren clasificados como solo urbano (artigo 11 da lei 9/2002) os seguintes terreos:

- Os solos comprendidos nos lugares de Arelongo, Campoxurado, Outeiro (zona norte da infraestrutura RV-1, reserva da Autovía do Cantábrico), incluíndo os ámbitos designados como D5-AR-1, D5-AR-2, D5-AR-3, D5-AR-4 e D5-AR-5, por non contar cos servizos urbanísticos precisos nin malla urbana.
 - Os terreos ó sur do núcleo urbano de Ribadeo entre a reserva viaria de acceso ao porto RV-2 e o núcleo rural de Ove.
 - Os ámbitos denominados como D1-AR-2, D1-AR-3, D1-AR-4, D1-AR-9, D1-AR-10, D1-AR-11, D1-AR-12, D1-AR-13, D1-AR-14 e D1-AR-15, así como o espazo entre os tres últimos mencionados e o urbanizable SUD R-9. Poderá estudarse a clasificación destes terreos como urbanizables.
 - A franxa de terreo clasificado como solo urbano consolidado con ordenanza O-5.2 entre o solo urbanizable SUD R4 e o SE-V7.
2. Non reúnen as características necesarias para seren incluídos na categoría de solo urbano consolidado (art. 12a da Lei 9/2002) os terreos na zona sur de Rinlo fora da delimitación actual do núcleo.
 3. Con independencia do indicado na memoria e normativa, nalgunhas fichas dos ámbitos de solo urbano non consolidado obsérvase que as reservas de solo de espazos libres públicos son inferiores ás mínimas establecidas no artigo 47.2 da Lei 9/2002.
 4. En relación cos requirimentos de calidade da ordenación física do solo urbano que expresan os artigos 46.1 e 104 da Lei 9/2002, cómpre facer as seguintes puntualizacións:
 - A cualificación coa ordenanza O-2 de quinteiros que teñen parte das súas parcelas no ámbito do casco histórico, ou en contacto con este (pola parte sur: parcelas situadas entre a Avenida de Asturias e o casco antigo; e polo norte as que se sitúan entre o CEIP Sagrado Corazón e o casco antigo), necesita medidas que solucionen axeitadamente o encontro entre ámbitos (por exemplo, establecer un tratamento de fachada e recuados da edificación nas zonas de borde co plan especial de protección e reforma interior evitando as medianeiras vistas; ou dispoñer unha axeitada ordenación dos fondos máximos en plantas baixas). Outros exemplos os atopamos na esquina entre as traseiras da Capela de San Roque e a Rúa Julio Lazurtequi; ou na esquina da Rúa San Roque no edificio nº 46 (contando este con protección integral); no quinteiro definido polas rúas Avenida de Asturias e o espazo DE-EL1 na que se sitúa un elemento catalogado pero sen número de identificación; nun dos frontes do quinteiro cualificado coa ordenanza O-2.2; etc.
 - En diversas zonas de solo urbano (por exemplo quinteiro delimitado entre as Rúas SE-V3 e SE-V2 que inclúe o DE-RE Capela de San Lázaro) preténdese un número de alturas que carece de xustificación, tanto en relación co anterior planeamento urbanístico como en comparación coas edificacións existentes na actualidade.
 - Así mesmo, en varias zonas do solo urbano (soares sometidos a protección por lindar con elementos catalogados permítese alturas superiores ás medias existentes e tipoloxías edificatorias inaxeitadas (como cuarteiróns pechados).
 - En xeral, cómpre revisar as alturas das edificacións en relación coas seccións das rúas, no sentido do que expresa o artigo 48.5 da Lei 9/2002.
 - Non procede a previsión de chafráns en edificacións catalogadas.

- No cuarteirón definido polas rúas Ramón González, Dr. Moreda e Reinante resulta incongruente admitir fondos de plantas baixas e semisotos superiores os de plantas piso, dado o carácter público do patio de mazá descrito polas edificacións. En xeral, estas prolongacións só serán admisibles en cuarteiróns pechados, de xeito que non resulten visibles desde a vía pública.

D. Clasificación e determinacións nos núcleos rurais:

1. Non reúnen as determinacións establecidas no artigo 13 da Lei 9/2002 para chegar a constituír solo de núcleo rural as seguintes entidades de poboación:
 - Entidades formadas unicamente por unha vivenda que non chegan a constituír asentamento de poboación singularizado; como acontece nos Batais ou en Queixoiro.
 - Edificacións espalladas que aparentemente non conforman unha agrupación, como en Pereiriñas ou O Esfolado.
2. Nalgún caso, a delimitación do núcleo tradicional non recolle todos os terreos que serven de soporte ó asentamento de poboación singularizado, como ocorre no núcleo de Dompniñor.
3. As delimitacións dos seguintes núcleos exceden das distancias máximas referidas no artigo 13 da Lei 9/2002:
 - Superan a distancia correspondente á zona tradicional do núcleo: Requiande, A Casa da Hedra, Sa, Salcedo, Somo, Vilela, A Capela A Graña, Porto de Abaixo, Santo Tomé, A Torre, A Madalena, Pereiriñas, A Ponte, Portobragán, A Granda, A Palmeira, A Eirexa, Ove e Piñeiro.
 - Superan a dimensión máxima da área de expansión: A Casa da Hedra, Sa, A Cabana, O Alto dos Pinos, Dompniñor, Folgosa, A Torre, O Valado, O Coto, A Siñeira, O Xillao, O Pedregal, A Trapa, A Palmeira, A Eirexa, Ove e Piñeiro.
 - A delimitación dalgúns núcleos non segue o parcelario nin as pegadas físicas do territorio, como por exemplo nos casos do Vilar, Santo Antonio, e Moural.
4. De conformidade co artigo 13 da Lei 9/2002, a área de expansión dos núcleos debe delimitarse segundo os criterios de crecemento que o planeamento urbanístico preveña, sen que poda afectar ó solo rústico especialmente protexido:
 - Existen casos nos que a área de expansión abrangue terreos afectados pola presenza de liñas eléctricas de alta ou media tensión, debendo estes ser clasificados como solo rústico de protección de infraestruturas. Son exemplos: A Casa da Hedra, Celeirós, Sa, A Capela, O Alto dos Pinos, Barreiro, Eirexa, Lourido, O Valado, O Coto, San Xillao, Cei, e A Ponte.
 - As áreas de expansión de diversos núcleos abranguen terreos que teñen como único acceso rodado estradas de titularidade supramunicipal, nalgúns casos se encontran illados do núcleo rural tradicional por estas estradas e noutros se delimitan ó longo destas estradas, como o da Devesa, Meirengos, Os Olleiros ou O Xillao. Polo tanto as delimitacións das áreas de expansión dos devanditos núcleos non se axustan ó disposto no artigo 13 da Lei 9/2002, por afectar a terreos para os que, conforme ao establecido polo artigo 32.2 c) da citada lei, procede a súa clasificación como solo rústico de protección de infraestruturas. Outro tanto acontece cando a expansión do núcleo invade zonas afectadas pola liña de ferrocarril, como é o caso da Palmeira.

- Detéctanse áreas de expansión que ocupan terreos atravesados pola liña do gasoduto, debendo estes ser clasificados como solo rústico de protección de infraestruturas. Por exemplo, Portobragán, A Trapa, Porto de Arriba ou Remourelle.
 - As áreas de expansión dalgúns núcleos abranguen terreos ocupados con masas forestais, de que deberán clasificarse como solo rústico de protección forestal, como por exemplo nas Casas Novas, Pastoriza, Lourido, ou A Granda, etc.
 - Unha parte dos núcleos rurais son atravesados por canles, ríos ou regatos. Lémbrese que a ordenación detallada dos núcleos rurais incluírá as determinacións que resulten convenientes para a conservación e recuperación da morfoloxía do núcleo e a salvagarda dos leitos naturais, redes de camiños, dos usos e da estrutura parcelaria histórica (artigo 56 e) da Lei 9/2002). En ningún caso a área de expansión dun núcleo pode ocupar terreos sobre cursos fluviais ou as súas marxes, que deberán ser clasificados como solo rústico de protección de augas. Exemplos do anterior aparecen en Anzas, Salcedo, Vilar e Frieira a Vella.
5. Non se atopa xustificación para que o PXOM prevexa áreas de expansión en núcleos que segundo o propio plan sofren unha apreciable perda de poboación; como nos casos da Cabana, Celeirós, Somo, Frieira a Vella, Vilar e Rego de Mel.
 6. A carencia de estudo da estrutura parcelaria na análise de asentamento poboacional impide xustificar a dimensión mínima de parcelas que se pretende, de 600 m² en núcleo rural tradicional e 1.500 m² en expansión de núcleo.

E. Clasificación e determinacións en solo rústico:

1. A clasificación do solo rústico de protección ordinaria debe responder a algunha das circunstancias expostas no artigo 32.1 da Lei 9/2002. O plan xeral clasifica nesta categoría terreos moi concretos, illados entre solos rústicos de especial protección, e sen que se achegue ningún tipo de xustificación sobre o cumprimento dos requisitos anteriormente aludidos, imprescindible cando á vista da documentación informativa semellan existir valores e potencialidades que merecen dunha especial protección urbanística (por exemplo, a bolsa situada ao Oeste do núcleo urbano de Ribadeo, ocupada por unha masa forestal).
2. A definición pola Lei 9/2002 da franxa de 200 metros dende a ribeira do mar como o solo rústico de protección de costas ten o carácter de mínimo, resultando ser, nalgúns casos, por exemplo o da plataforma litoral da mariña lucense oriental, escasa dados os seus altos valores ambientais e paisaxísticos. Ocorre o mesmo coa estrita delimitación que se realiza para o solo rústico de protección de espazos naturais ó facela coincidir coa zona delimitada pola rede natura e as normas provinciais. Cómpre estudar dun xeito pormenorizado a delimitación destes solos rústicos xa que é o plan xeral o que debe de identificar e protexer con máis precisión os seus valores, con independencia do lóxico cumprimento dos mínimos legais correspondentes. Dous casos detectados son os seguintes:
 - Se ben o PXOM clasifica como solo rústico de especial de protección de espazos naturais a totalidade da delimitación do espazo natural da rede natura 2000 e das normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial correspondentes a este concello, non se atopa xustificado que no borde litoral noroccidental (ao Oeste de Meirengos) non se inclúa nesta protección a franxa de terreo que se encontra entre estas delimitacións e o límite físico da liña de ferrocarril.
 - Ocorre algo similar en todo o borde do sistema fluvial do río Eo ao recoller soamente como clasificación de solo rústico de protección de espazo natural a delimitación

estrita da rede natura, sendo esta zona unha área de elevado interese ambiental e paisaxístico.

3. Non se clasifican como solo rústico de protección de infraestruturas todos os terreos nos que concorran as circunstancias expostas no artigo 32.2.c) da Lei 9/2002, como as estradas provinciais, as liñas de ferrocarril e a súa franxa de protección, as instalacións correspondentes aos gasodutos, as liñas de enerxía eléctrica consideradas na lexislación sectorial como de alta tensión e as instalacións de telecomunicacións, coas súas correspondentes zonas de afección non susceptibles de transformación. En canto ao ámbito atinxido pola liña límite de edificación da autovía do Cantábrico, non se classifica este na súa totalidade como solo rústico de protección de infraestruturas (zona sur do denominado D5-AR-5 e 4 outras pequenas bolsas; terreos que xa se mencionou anteriormente que non reúnen condicións para a súa clasificación como solo urbano).
4. Clasifícaranse como solo rústico de protección forestal aquelas áreas que sufrisen os efectos dun lume a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002 ou nos cinco anos anteriores a ela. Estas áreas deben vir reflectidas nun plano de información de áreas incendiadas.

F. Clasificación e determinacións en solo urbanizable:

1. Segundo a Memoria, o concello de Ribadeo ten actualmente uns 9.163 habitantes, cunhas 4.955 vivendas (867 baleiras). A capacidade edificatoria residencial en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado é de 13.631 vivendas (segundo os datos da páx. 252 da Memoria). Os núcleos urbanos de Ribadeo e Rinlo teñen en conxunto 5.635 habitantes (2.676 vivendas), e o plan xeral presenta para os mesmos unha capacidade de 10.302 vivendas (entre solo urbano consolidado, non consolidado e urbanizable delimitado). A falta dun estudo máis axustado do crecemento en poboación e vivendas, xa que os datos da memoria son referidos á década 1981/1991, non se xustifica unha previsión de necesidade de vivendas en tal proporción para o período da estratexia do plan, polo que se fai procedente a revisión dalgúns dos solos urbanizables residenciais pretendidos. Concretamente, por exemplo, non se fundamenta a clasificación de solos urbanizables residenciais máis alá dos límites que supoñen as reservas viarias da Autovía do Cantábrico e do Acceso portuario, para as necesidades de crecemento do núcleo urbano de Ribadeo.
2. Ademais do anteriormente dito, cómpre salientar que de acordo co disposto no artigo 15 deben clasificarse como solo rústico todos os terreos nos que concorran valores ou potencialidades merecentes dunha especial protección, cousa que o plan xeral incumpre nos seguintes casos:
 - A totalidade dos terreos comprendidos nos denominados urbanizables SUD R-5, SUD R-8 e SUND R3 deben clasificarse como solo rústico de protección agropecuaria, debido á súa elevada capacidade agrolóxica, de acordo co mapa de clases agrolóxicas do Ministerio de Agricultura. En canto ao SUND I-1, para a súa admisión como urbanizable precisárase que se xustifique a perda dos seus valores neste aspecto.
 - O urbanizable SUD R1 encóntrase igualmente en terreos que deben clasificarse como solo rústico de protección agropecuaria. Se se precisa un crecemento do núcleo rural da Rochela, este deberá realizarse coa súa correspondente área de expansión (art. 13.3 da Lei 9/2002).
3. Non se encontra fundamento para que o solo urbanizable non delimitado industrial SUNDI-1 se estenda a ambas as dúas marxes da Autovía do Cantábrico.

4. No caso do SUD R4 débese reconsiderar a súa delimitación xa que cómpre incluír no seu sector de solo urbanizable a franxa de terreo clasificado como solo urbano consolidado con ordenanza O-5.2 pechando o seu ámbito ata o SE-V7.
5. Non se xustifica a viabilidade do SUD R-6 debido á morfoloxía dos terreos que ocupa.
6. A previsión do urbanizable non delimitado residencial SUND R4 en contigüidade co urbanizable delimitado industrial SUD I2 impide o posible crecemento futuro do parque empresarial e presenta problemas de contacto entre usos.
7. En canto ao conxunto de solos urbanizables non recollidos polo plan xeral que se presenta a informe pero dos que se incorporan os seus convenios respectivos como documentación anexa, non son admisibles, xa que significan unha dispersión de futuros núcleos urbanos polo territorio e atinxen a solos que deben ser clasificados como solo rústico protexido, de xeito que non responden aos necesarios criterios de sustentabilidade.
8. Tal como esixe o artigo 57 da Lei 9/2002, o plan xeral debe realizar un estudo no que, por unha banda, se analice o estado e capacidade das redes de servizos existentes, e por outra, se xustifiquen e detallen as características básicas (dimensión ou capacidade) das accións de reforzamento ou mellora previstas, todo isto en atención ás demandas existentes e ás previsións derivadas dos usos e intensidades proxectados polo plan xeral, para garantir o seu axeitado funcionamento futuro.
9. En consecuencia co estudo mencionado no epígrafe anterior, no solo urbanizable delimitado determinaranse os trazados das redes fundamentais de servizos, o que evidentemente inclúe as conexións cos sistemas xerais existentes e exteriores ós sectores e as ampliacións ou reforzos necesarios.

G. Outras observacións.

1. En canto á normativa:
 - A fin de asegurar o cumprimento dos artigos 46.1 e 104 c da Lei 9/2002, existen diversas disposicións non admisibles:
 - Non queda definido adecuadamente que a composición e tratamento en canto a materiais das fachadas das plantas baixas corresponderán cos existentes no resto do edificio. Tampouco se concreta axeitadamente a necesidade de tratamento como fachadas dos demais paramentos que queden visibles desde a vía pública.
 - A posibilidade dos faldróns de cuberta quebrados ou curvos.
 - O uso de bufardas e mansardas, que por outra banda, non aparece permitido en ningunha das normas particulares do solo urbano.
 - A diferenza de 1,30 metros entre a altura de cornixa e a altura de coroación.
 - Os corpos voados que non sexan acristalados.
 - Non se precisa con carácter xeral o material de cubrición que será a lousa, de acordo coa tipoloxía tradicional da zona, coas posibles excepcións debidamente xustificadas polas características singulares da edificación.
2. En referencia ao Catálogo:
 - Son escasos os elementos de carácter etnográfico que se recollen no catálogo, sen que apareza ningún hórreo ou secadoiro (de características singulares nesta zona

segundo os datos presentes na análise de asentamento poboacional), cruceiros, petos de ánimas, pontes, muíños, fontes, etc.

- As fichas correspondentes aos elementos de carácter arqueolóxico carecen de fotografías faltando, nalgunhas delas, todo tipo de datos.
- Nos planos de ordenación do solo urbano de Rinlo e de Ribadeo aparecen referencias a fichas do catálogo repetidas reflectindo co mesmo número (por exemplo o 95, ou o 96) dúas edificacións diferentes.
- Non todos os elementos remarcados nos planos de ordenación coa trama de elementos catalogados contan co número de referencia da ficha correspondente onde deben vir analizados.
- O elemento incluído no catálogo coa denominación de Ficha 90 (Fonte Cavada) non dispón de plano nin foto, este non é o único caso de que as fichas do catálogo veñen incompletas.

H. Tramitación.

1. A tramitación do plan xeral de ordenación municipal de Ribadeo deberá suxeitarse ás estipulacións da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (BOE do 29/04/2006), nos termos en que se expresa a súa disposición transitoria 1ª e nas condicións que se determinen coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
2. Na tramitación do expediente recadaranse aqueles informes preceptivos en virtude da normativa sectorial aplicable. Estes informes deberán ser recadados no momento que determine a súa lexislación sectorial, e no seu defecto segundo o disposto no artigo 85.3 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

Este informe emítese de conformidade co previsto no artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2006

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.
Por delegación, Orde de 06/03/2003 (DOG 12/03/2003)
O DIRECTOR XERAL DE URBANISMO**

Ramón Saúl Lueje Espina